

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### PRESIDENCIA



*Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.*

#### Exposición de motivos

##### 1

Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2008 son a expresión financeira da política económica do Goberno galego para esta anualidade. Xunto coas cifras de ingresos e gastos nos distintos capítulos e seccións, incorporan as principais prioridades e obxectivos de actuación que se pretenden coa súa execución.

Estes orzamentos fórmulanse nun contexto de sólido crecemento da economía galega, que constitúe a mellor garantía para facer fronte con éxito ás eventuais consecuencias que puideran derivar das turbulencias nos mercados financeiros.

Os últimos rexistros económicos confirman que Galicia avanza a bo ritmo na senda da converxencia, mantendo unha taxa de crecemento do PIB por riba do conxunto español e do da UE, unha mellora do mercado de traballo e un forte dinamismo nas exportacións internacionais de bens. O cadro de previsións que acompañan estes orzamentos confirman a continuidade deste proceso ao longo do ano 2008.

Esta favorable situación económica aconsella, por unha banda, profundar nas políticas que están tendo resultados positivos e, por outra, fai posible tamén atender as novas demandas no ámbito dos servizos sociais e comunitarios. Aumentar o benestar social con medidas a prol dunha maior cohesión social e territorial é tamén un obxectivo específico destes orzamentos.

Este novo impulso ao gasto produtivo desenvólvese por medio das políticas que apoian o crecemento da produtividade e o incremento da competitividade da nosa economía: innovación, desenvolvemento e investigación, educación e formación do capital humano e infraestruturas que doten dunha mellor conectividade e accesibilidade o territorio. Un modelo de crecemento que, para cumprir coas esixencias da sostibilidade, atende as necesidades de depuración das nosas costas e ríos e prioriza os investimentos no transporte público urbano e metropolitano máis eficiente, seguro e sostible, que constitúe un instrumento básico de cohesión territorial e social.

A prioridade no gasto social concrétese en novos incrementos do investimento en sanidade, especialmente en atención primaria e saúde pública; en facilitar o acceso á vivenda; en accións para a igualdade e promoción da muller, en concordancia coa Lei 3/2007,

do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e no tratamento integral da violencia de xénero, así como na protección da infancia.

Como consecuencia da aplicación da nova Lei de dependencia, estes orzamentos do 2008 poñen o acento tamén no gasto social, con especial atención aos sectores máis desfavorecidos, persoas maiores, con discapacidade e dependentes, elevándose o gasto para cubrir as necesidades en servizos asistenciais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Nesta orientación social do gasto, estes orzamentos priorizan as accións destinadas a aumentar a creación de emprego de calidade, á prevención de riscos laborais e a favorecer a igualdade entre homes e mulleres no traballo, cumprindo así cos compromisos contidos no acordo polo emprego no marco do diálogo social e de acordo coa Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Finalmente, estes orzamentos do 2008, elaborados respectando o principio de estabilidade orzamentaria, preséntanse en equilibrio e polo tanto sen recurso á débeda, incorporando como novidade na asignación a súa finalidade e capacidade de orientar o gasto público nos plans estratéxicos do Goberno galego, complementando así as fórmulas convencionais de asignación do gasto.

En fin, estas prioridades e metodoloxía facilitan o marco dunhas contas públicas transparentes, rigorosas, eficientes e eficaces que incorporan indicadores para medir os resultados dos plans e programas formulados para o 2008, e avaliar así a política económica do Goberno.

##### 2

Polo que respecta ao marco xurídico no que deberán desenvolverse as actuacións previstas nos orzamentos do ano 2008, as principais novidades que se incorporan ao texto articulado da lei son as seguintes.

Dentro do título I, «Aprobación dos orzamentos e réxime das modificacións de crédito», determínase o importe estimado para o ano 2008 dos beneficios fiscais que corresponden aos tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado á Comunidade Autónoma, e decláranse ampliables os créditos destinados ao pagamento das axudas directas a mulleres vítimas de malos tratos.

No título II, «Gastos de persoal», aparece recollido o incremento retributivo -un 2%- do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma, e adáptase a súa clasificación profesional aos novos grupos establecidos na Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público. Adicionalmente autorízase un incremento do 1% da masa salarial dos funcionarios en activo e dos sometidos a réxime administrativo e estatutario, co obxecto de acomodar progresivamente

o complemento específico de forma que permita a percepción de catorce pagas ao ano.

Igualmente dentro dese título regúlase a oferta de emprego público para o ano 2008. Por outra parte, prevese a posibilidade de adaptar as relacións de postos de traballo á creación de prazas derivadas de declaracións por sentenzas xudiciais.

As «operacións de endebedamento e garantía» aparecen reguladas no título III e acomópanse ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. Conforme ese criterio, no ano 2008 a posición neta debedora da Comunidade Autónoma non experimentará variación.

No título IV, referente á «xestión orzamentaria», e como garantía dun mellor control sobre o crecemento dos gastos plurianuais, que comprometen créditos de exercicios futuros, establécese que a autorización dese tipo de gastos quedará sometida ao cumprimento das determinacións que estableza o Goberno galego por proposta da Consellería de Economía e Facenda. Tamén se actualizan para o ano 2008 as contías dos módulos económicos de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados.

No título V, «Corporacións locais», establécense as novas porcentaxes de participación dos concellos galegos, a través dos fondos principal, adicional e complementario do Fondo de Cooperación Local, nos tributos da Comunidade Autónoma. Adicionalmente, o fondo complementario increméntase en 6.000.000 de euros, como consecuencia dos acordos asinados no marco do pacto local.

No título VI, «Normas tributarias», no capítulo referente aos tributos propios, establécese un incremento do 2% nos tipos das taxas de contía fixa e introdúcen-se algunhas modificacións sobre as tarifas variables, ademais de actualizarse os valores do tipo de gravame do canon de saneamento.

Por outra parte, e dentro do capítulo destinado aos tributos cedidos, coa finalidade de lograr unha máis eficaz xestión do orzamento e de alcanzar a recadación prevista nos estados de ingresos, abórdanse, no referente aos impostos de sucesións e doazóns e de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, unhas melloras na aplicación dos tributos que deberán permitir unha considerable axilización dos procedementos, unha diminución da litixiosidade e, consecuentemente, unha maior firmeza dos ingresos realizados, así como unha revisión máis rápida e segura das declaracións presentadas, coa conseguinte diminución da fraude fiscal e un aumento da seguridade do contribuínte, unido a unha maior facilidade no cumprimento das obrigas tributarias. Nese sentido, regúlase o prazo para a solicitude dos beneficios fiscais non aplicables de oficio, dispoñendo así o órgano xestor despois da finalización do prazo de declaración de todos os datos necesarios para comprobar a autoliquidación. Igualmente é obxecto de regulación o peche rexistral, coa finalidade de axilizar as presen-

tacións telemáticas de autoliquidacións e documentación anexa que permita un tratamento informático rápido e fiable da información e a detección dos erros e da fraude fiscal, modernizando e adaptando os procedementos á realidade. Inclúese así mesmo a regulación dos medios de valoración por estimación por referencia aos valores que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal e por prezos medios de mercado, coa conseguinte diminución dos prazos das valoracións e da litixiosidade e aumentando a seguridade do contribuínte de que a súa declaración e o seu ingreso non serán obxecto de modificación. Remata este bloque normativo co establecemento da unicidade do procedemento de taxación pericial contradictoria, regulado ata este momento en diferentes normas, de xeito dispar, en prexuízo da necesaria seguridade xurídica.

Finalmente, hai que referirse á inclusión no texto articulado da lei de disposicións adicionais que abordan diferentes aspectos. Entre as que figuran por primeira vez incluídas na Lei de orzamentos merecen destacarse a referente á determinación de requisitos que deberán ser seguidos no proceso de creación de novos entes e organismos, coa finalidade de disciplinar as decisións que poidan implicar unha ampliación do sector público da Comunidade Autónoma, e cun contido eminentemente social a creación para o ano 2008 dun fondo extraordinario de axudas aos beneficiarios de pensións non contributivas, dotado con 5.000.000 de euros.

Dentro das disposicións derradeiras recóllese unha modificación do texto articulado da Lei de réxime financeiro e orzamentario para dar lugar á introdución singularizada das axencias galegas no sector público da Comunidade Autónoma, abordándose o marco básico de xestión e o seu réxime orzamentario.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

## TÍTULO I

### APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS E RÉXIME DAS MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO

#### CAPÍTULO I

##### APROBACIÓN DOS CRÉDITOS INICIAIS E DO SEU FINANCIAMENTO

#### Artigo 1º.-Aprobación e ámbito dos orzamentos xerais.

O Parlamento de Galicia aproba os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2008, nos que se integran:

- Os orzamentos da Administración xeral.
- Os orzamentos dos organismos autónomos.

c) Os orzamentos de explotación e capital das sociedades públicas de carácter mercantil.

d) Os orzamentos das demais sociedades públicas ás que se refire o artigo 12 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 2º.-*Orzamentos da Administración xeral e dos organismos autónomos.*

Un.-Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos consígnanse créditos por importe de 11.556.123.655 euros, distribuídos da forma seguinte:

| Organismo                                      | Cap. I-VII<br>Gastos non<br>financeiros | Cap. VIII<br>Activos<br>financeiros | Cap. IX<br>Pasivos<br>financeiros | Total          |
|--|---|-------------------------------------|-----------------------------------|----------------|
| Administración xeral                           | 7.054.777.299                           | 114.089.708                         | 473.563.762                       | 7.642.430.769  |
| OO.AA. administrativos                         | 3.725.398.197                           | 650.000                             | 0                                 | 3.726.048.197  |
| OO.AA.comerciais,<br>industriais e financeiros | 180.644.689                             | 7.000.000                           | 0                                 | 187.644.689    |
| Total  | 10.960.820.185                          | 121.739.708                         | 473.563.762                       | 11.556.123.655 |

As transferencias internas entre os orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e os dos organismos autónomos representan 3.582.035.210 euros, distribuídos segundo o seguinte detalle:

| Orixe                   | Destino                   |  |               |
|-------------------------|---------------------------|--|---------------|
|                         | OO.AA.<br>administrativos | OO.AA.<br>comerciais, industriais<br>e financeiros | Total         |
| Administración<br>xeral | 3.487.960.333             | 94.074.877   | 3.582.035.210 |
| Total                   | 3.487.960.333             | 94.074.877   | 3.582.035.210 |

Dous.-A desagregación dos créditos consonte a finalidade á que van destinados establécese desta maneira:

| Funcións |   |                |
|----------|---|----------------|
| 11       | Alta dirección da Comunidade Autónoma                         | 45.788.395     |
| 12       | Administración xeral  | 79.504.600     |
| 13       | Xustiza   | 99.167.373     |
| 14       | Administración local  | 13.857.749     |
| 15       | Normalización lingüística                                     | 23.611.225     |
| 21       | Protección civil e seguridade                                 | 27.934.200     |
| 31       | Acción social e promoción social                              | 514.457.465    |
| 32       | Promoción do emprego e institucións do mercado de<br>traballo | 378.672.622    |
| 33       | Cooperación exterior e ao desenvolvemento                     | 11.205.851     |
| 41       | Sanidade  | 3.638.875.844  |
| 42       | Educación   | 2.304.467.902  |
| 43       | Cultura   | 147.275.101    |
| 44       | Deportes  | 41.943.862     |
| 45       | Vivenda   | 195.118.259    |
| 46       | Outros servizos comunitarios e sociais                        | 135.786.428    |
| 51       | Infraestruturas   | 535.683.497    |
| 52       | Ordenación do territorio                                      | 52.661.200     |
| 53       | Promoción do solo para actividades económicas                 | 17.850.000     |
| 54       | Actuacións ambientais   | 274.768.259    |
| 55       | Actuacións e valorización do medio rural                      | 186.705.307    |
| 56       | Investigación, desenvolvemento e innovación                   | 131.326.596    |
| 57       | Sociedade da información e do coñecemento                     | 31.251.731     |
| 58       | Información estatística básica                                | 6.264.848      |
| 61       | Actuacións económicas xerais                                  | 37.790.344     |
| 62       | Actividades financeiras                                       | 92.756.761     |
| 71       | Dinamización económica do medio rural                         | 406.664.974    |
| 72       | Pesca   | 187.884.875    |
| 73       | Industria, enerxía e minaría                                  | 59.660.485     |
| 74       | Desenvolvemento empresarial                                   | 191.189.280    |
| 75       | Comercio  | 33.774.196     |
| 76       | Turismo   | 76.826.022     |
| 81       | Transferencias a entidades locais                             | 956.088.955    |
| 91       | Débeda pública  | 619.309.449    |
| TOTAL    |   | 11.556.123.655 |

Tres.-A distribución orgánica e económica do orzamento consolidado é como segue:

| Capítulos   | (euros)       |             |         |             |   |             |             |             |    | TOTAL         |
|---|---------------|-------------|---------|-------------|---|-------------|-------------|-------------|----|---------------|
|   | I             | II          | III     | IV          | V | VI          | VII         | VIII        | IX |               |
| Parlamento  | 9.586.128     | 7.812.455   |         | 2.495.674   |   | 1.683.077   | 34.580      | 125.000     |    | 21.736.914    |
| Consello de Contas                                    | 5.242.398     | 1.537.158   |         | 2.705       |   | 860.612     |             | 36.061      |    | 7.678.934     |
| Consello da Cultura Galega                            | 1.249.500     | 1.433.300   |         | 160.000     |   | 410.000     |             |             |    | 3.252.800     |
| Presidencia da Xunta                                  | 13.801.651    | 9.546.673   | 3.050   | 22.575.165  |   | 32.789.241  | 21.635.182  | 107.548.647 |    | 207.899.609   |
| Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar            | 129.204.740   | 119.395.049 |         | 189.745.634 |   | 34.035.238  | 21.135.503  |             |    | 493.516.164   |
| Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza       | 100.796.715   | 35.805.053  | 6.527   | 27.761.036  |   | 38.157.857  | 16.801.951  |             |    | 219.329.139   |
| Economía e Facenda                                    | 28.909.478    | 4.697.768   |         | 23.688.675  |   | 5.656.028   | 113.510.808 | 1.250.000   |    | 177.712.757   |
| Política Territorial, Obras Públicas e<br>Transportes | 29.531.007    | 15.475.506  | 113.770 | 38.625.111  |   | 398.944.229 | 97.400.000  |             |    | 580.089.623   |
| Educación e Ordenación Universitaria                  | 1.322.149.069 | 208.380.567 | 5.992   | 597.987.409 |   | 100.458.437 | 58.452.483  |             |    | 2.287.433.957 |
| Innovación e Industria                                | 20.207.365    | 2.210.712   |         | 68.298.262  |   | 35.054.748  | 238.281.307 | 5.100.000   |    | 369.152.394   |

(euros)

| Capítulos  | I                    | II                   | III                | IV                   | V                 | VI                   | VII                  | VIII               | IX                 | TOTAL                 |
|--|----------------------|----------------------|--------------------|----------------------|-------------------|----------------------|----------------------|--------------------|--------------------|-----------------------|
| Medio Rural  | 125.181.501          | 9.231.007            |                    | 20.967.897           |                   | 199.126.882          | 275.091.241          |                    |                    | 629.598.528           |
| Cultura e Deporte  | 26.107.909           | 8.681.162            |                    | 24.271.488           |                   | 48.514.425           | 77.054.864           |                    |                    | 184.629.848           |
| Sanidade   | 47.122.692           | 2.348.714            |                    | 3.345.909.331        |                   | 39.100.000           | 5.601.117            |                    |                    | 3.440.081.854         |
| Pesca e Asuntos Marítimos                                    | 29.080.787           | 4.117.546            | 380.039            | 4.249.336            |                   | 73.271.904           | 123.188.405          |                    |                    | 234.288.017           |
| Medio Ambiente e Desenvolvemento                             |                      |                      |                    |                      |                   |                      |                      |                    |                    |                       |
| Sostible   | 26.334.361           | 5.237.718            |                    | 7.364.566            |                   | 45.391.870           | 132.869.690          |                    |                    | 217.198.205           |
| Traballo   | 47.537.353           | 18.486.619           |                    | 293.407.131          |                   | 16.728.228           | 1.440.059            | 30.000             |                    | 377.629.390           |
| Vivenda e Solo   | 6.440.318            | 2.667.454            |                    | 16.960.000           |                   | 7.243.845            | 86.617.530           |                    |                    | 119.929.147           |
| Consello Consultivo de Galicia                               | 1.618.189            | 416.395              |                    |                      |                   | 346.520              |                      |                    |                    | 2.381.104             |
| Transferencias a corporacións locais                         |                      |                      |                    | 830.379.888          |                   |                      | 119.499.067          |                    |                    | 949.878.955           |
| Débeda pública   |                      |                      | 145.745.687        |                      |                   |                      |                      |                    | 473.563.762        | 619.309.449           |
| Gastos diversas consellarías                                 | 15.084.637           | 18.772.950           |                    | 11.210.000           |                   | 26.076.494           | 10.595.110           |                    |                    | 81.739.191            |
| <b>TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL</b>                            | <b>1.985.185.798</b> | <b>476.253.806</b>   | <b>146.255.065</b> | <b>5.526.059.308</b> |                   | <b>1.103.849.635</b> | <b>1.399.208.897</b> | <b>114.089.708</b> | <b>473.563.762</b> | <b>11.224.465.979</b> |
| Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller | 1.088.878            | 1.001.883            |                    | 8.522.596            |                   |                      | 225.259              |                    |                    | 10.838.616            |
| Escola Galega de Administración Pública                      | 1.153.288            | 2.520.679            |                    | 338.642              |                   | 1.165.000            |                      |                    |                    | 5.177.609             |
| Academia Galega de Seguridade Pública                        | 750.303              | 1.596.888            |                    |                      |                   | 934.360              |                      |                    |                    | 3.281.551             |
| Instituto Galego de Estatística                              | 3.036.547            | 461.730              |                    | 94.940               |                   | 1.803.900            |                      |                    |                    | 5.397.117             |
| Tribunal Galego de Defensa da Competencia                    | 464.850              | 348.673              |                    | 30.000               |                   | 91.800               |                      |                    |                    | 935.323               |
| Instituto Galego de Consumo                                  | 4.433.112            | 938.888              | 6.000              | 490.000              |                   | 1.957.459            | 403.800              |                    |                    | 8.229.259             |
| Servizo Galego de Saúde                                      | 1.431.440.188        | 858.523.885          |                    | 1.024.428.232        | 65.115.691        | 150.100.922          | 1.600.000            | 650.000            |                    | 3.531.858.918         |
| Augas de Galicia   | 5.270.081            | 1.285.827            | 70.792             |                      |                   | 23.932.900           | 129.770.204          |                    |                    | 160.329.804           |
| Fondo Galego de Garantía Agraria                             | 3.948.401            | 1.010.627            |                    | 199.927              |                   | 3.171.641            | 55.694.187           |                    |                    | 64.024.783            |
| Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais              | 2.242.552            | 1.614.132            |                    | 913.328              |                   | 3.245.255            | 1.360.000            |                    |                    | 9.375.267             |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo                           | 4.963.055            | 2.443.584            | 150.000            | 390.000              |                   | 91.965.602           | 7.332.398            | 7.000.000          |                    | 114.244.639           |
| <b>TOTAL OO.AA.</b>  | <b>1.458.791.255</b> | <b>871.746.796</b>   | <b>226.792</b>     | <b>1.035.407.665</b> | <b>65.115.691</b> | <b>278.368.839</b>   | <b>196.385.848</b>   | <b>7.650.000</b>   |                    | <b>3.913.692.886</b>  |
| <b>TOTAL ORZAMENTO BRUTO</b>                                 | <b>3.443.977.053</b> | <b>1.348.000.602</b> | <b>146.481.857</b> | <b>6.561.466.973</b> | <b>65.115.691</b> | <b>1.382.218.474</b> | <b>1.595.594.745</b> | <b>121.739.708</b> | <b>473.563.762</b> | <b>15.138.158.865</b> |
| <b>TOTAL TRANSFERENCIAS INTERNAS</b>                         |                      |                      |                    | <b>3.372.542.548</b> |                   |                      | <b>209.492.662</b>   |                    |                    | <b>3.582.035.210</b>  |
| <b>TOTAL ORZAMENTO CONSOLIDADO</b>                           | <b>3.443.977.053</b> | <b>1.348.000.602</b> | <b>146.481.857</b> | <b>3.188.924.425</b> | <b>65.115.691</b> | <b>1.382.218.474</b> | <b>1.386.102.083</b> | <b>121.739.708</b> | <b>473.563.762</b> | <b>11.556.123.655</b> |

Catro.-Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e nos dos seus organismos autónomos recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 11.556.123.655 euros, distribuídos da seguinte forma:

| Organismo                                    | Cap. I-VII Ingresos non financeiros | Cap. VIII Activos financeiros | Cap. IX Pasivos financeiros | Total          |
|--|-------------------------------------|-------------------------------|-----------------------------|----------------|
| Administración xeral                         | 10.750.892.217                      | 10.000                        | 473.563.762                 | 11.224.465.979 |
| OO.AA. administrativos                       | 237.437.864                         | 650.0000                      | 0                           | 238.087.864    |
| OO.AA. comerciais, industriais e financeiros | 93.554.812                          | 15.000                        | 0                           | 93.569.812     |
| Total  | 11.081.884.893                      | 675.000                       | 473.563.762                 | 11.556.123.655 |

Cinco.-Os beneficios fiscais que afectan aos tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado á

Comunidade Autónoma estímanse en 56.515.068 euros, consonte o seguinte detalle:

-Imposto sobre sucesións e doazóns: 10.194.044 euros.

-Imposto sobre a renda das persoas físicas (tarifa autonómica): 14.365.716 euros.

-Imposto sobre o patrimonio: 927.777 euros.

-Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados: 31.027.531 euros.

En cumprimento do establecido no artigo 55.2º da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, o importe das subvencións reguladoras fíxase en 45.959.657 euros.

## Artigo 3º.-Orzamento das sociedades públicas.

## Un.-Orzamento das sociedades mercantís.

Os orzamentos de explotación e de capital das sociedades públicas de carácter mercantil elévanse a 925.675 miles de euros, de acordo coa distribución que se indica:

(miles de euros)

| Sociedades mercantís   | Explotación | Capital |
|--|-------------|---------|
| <i>Retegal, S.A.</i>   | 7.105       | 549     |
| <i>S.A. para o Desenvolvemento Industrial de Galicia</i>                 | 6.794       | 21.296  |
| <i>Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.</i>          | 2.631       | 30      |
| <i>Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.</i>               | 5.738       | 97.146  |
| <i>Autoestrada Alto Santo Domingo-Ourense, S.A.</i>                      | 8.213       | 73.265  |
| <i>Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A.</i> | 3.191       | 1.118   |
| <i>S.A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia</i>          | 1.595       | 236     |
| <i>Galicia Calidade, S.A.</i>  | 586         | 1.412   |
| <i>Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.</i>         | 40.072      | 16.500  |
| <i>S.A. de Xestión do Plan Xacobeo</i>                                   | 23.986      | 4.520   |
| <i>Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia</i>              | 7.117       | 510     |
| <i>Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.</i>                | 53.015      | 1.503   |
| <i>Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia</i>           | 701         | 892     |
| <i>Xenética Fontao, S.A.</i>   | 3.168       | 280     |
| <i>Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.</i>                        | 33.594      | 1.972   |
| <i>Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.</i>                          | 93.340      | 17.398  |
| <i>Xestión Urbanística da Coruña, S.A.</i>                               | 94.669      | 50.730  |
| <i>Xestión Urbanística de Lugo, S.A.</i>                                 | 59.154      | 25.748  |
| <i>Xestión Urbanística de Ourense, S.A.</i>                              | 42.746      | 42.734  |
| <i>Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.</i>                           | 79.688      | 733     |
| TOTAL  | 567.103     | 358.572 |

## Dous.-Orzamento dos restantes entes públicos.

Os orzamentos de explotación e de capital dos entes públicos aos que se refire a letra d) do artigo 1 alcanzan un total de 766.902 miles de euros, detallados como segue:

(miles de euros)

| Entidades públicas  | Explotación | Capital |
|---|-------------|---------|
| Compañía de Radio-Televisión de Galicia e sociedades                          | 131.791     | 17.830  |
| Instituto Galego de Promoción Económica                                       | 109.238     | 26.360  |
| Consello Económico e Social   | 1.307       | 42      |
| Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable | 16.863      | 6.838   |
| Portos de Galicia   | 23.945      | 34.770  |
| Instituto Enerxético de Galicia   | 9.634       | 5.360   |
| Axencia Galega de Desenvolvemento Rural                                       | 38.701      | 2.221   |
| Instituto Galego da Calidade Alimentaria                                      | 1.678       | 2.678   |
| <i>Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia</i>                         | 6.035       | 55.000  |
| <i>Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía</i>                             | 2.286       | 138     |
| <i>Fundación Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira</i>                         | 17.931      | 500     |
| <i>Fundación Hospital Comarcal da Barbanza</i>                                | 20.807      | 452     |
| <i>Fundación Pública Hospital de Vertín</i>                                   | 14.589      | 399     |
| <i>Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria</i>            | 3.426       | 122     |
| <i>Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia (061)</i>                | 42.300      | 154     |
| <i>Fundación Pública Hospital Comarcal do Salnés</i>                          | 21.095      | 137     |
| <i>Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia</i>                     | 23.993      | 651     |
| <i>Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica</i>                          | 2.051       | 358     |
| Instituto para o Control do Medio Mariño de Galicia                           | 2.154       | 2.000   |
| Obras e Servizos Hidráulicos  | 3.940       | 117.128 |
| TOTAL   | 493.764     | 273.138 |

Tres.-Aprobación de subvencións de explotación e de capital ás sociedades públicas.

Autorízanse as dotacións iniciais de subvencións de explotación e de capital das sociedades públicas que se indican a seguir, por un importe total de 182.060 miles de euros, e de 391.943 miles de euros, respectivamente, con cargo aos orzamentos de gastos dos departamentos da Xunta ou dos organismos autónomos aos que figuran adscritas:

| Sociedade pública   | Consellería ou organismo autónomo de adscrición    | Subvención de explotación | Subvención de capital |
|---|--|---------------------------|-----------------------|
| Compañía de Radio-Televisión de Galicia e sociedades                          | Presidencia  |                           | 10.716                |
| <i>Retegal, S.A.</i>  | Presidencia  | 685                       |                       |
| Instituto Galego de Promoción Económica                                       | Economía e Facenda                                 | 10.023                    | 104.045               |
| Consello Económico e Social   | Economía e Facenda                                 | 1.307                     | 24                    |
| Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable | Economía e Facenda                                 | 7.413                     | 6.838                 |
| <i>Autoestrada Alto Santo Domingo-Ourense, S.A.</i>                           | Economía e Facenda                                 | 3.400                     | 3.700                 |
| Portos de Galicia   | Política Territorial, Obras Públicas e Transportes |                           | 31.202                |
| <i>Galicia Calidade, S.A.</i>   | Innovación e Industria                             | 418                       | 1.400                 |
| Instituto Enerxético de Galicia   | Innovación e Industria                             | 2.250                     | 8.200                 |
| <i>S.A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia</i>               | Innovación e Industria                             | 875                       |                       |
| <i>Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.</i>              | Innovación e Industria                             | 3.421                     | 16.500                |
| <i>S.A. de Xestión do Plan Xacobeo</i>  | Innovación e Industria                             | 21.413                    | 4.520                 |
| Axencia Galega de Desenvolvemento Rural                                       | Medio Rural  | 2.868                     | 36.776                |
| Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia                          | Medio Rural  | 4.554                     | 340                   |
| Instituto Galego da Calidade Alimentaria                                      | Medio Rural  | 1.157                     | 2.678                 |
| Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia                       | Medio Rural  | 601                       | 885                   |
| <i>Xenética Fontao, S.A.</i>  | Fondo Galego de Garantía Agraria                   | 200                       | 280                   |
| <i>Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia</i>                         | Cultura e Deporte                                  | 2.386                     | 45.440                |
| <i>Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria</i>            | Sanidade   | 2.671                     |                       |
| <i>Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.</i>                             | Sanidade   | 809                       |                       |
| <i>Fundación Pública Hospital de Vertín</i>                                   | Sanidade   | 14.215                    |                       |
| <i>Fundación Pública Hospital da Barbanza</i>                                 | Sanidade   | 19.927                    |                       |
| <i>Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira</i>                          | Sanidade   | 16.705                    |                       |
| <i>Fundación Pública Hospital do Salnés</i>                                   | Sanidade   | 20.220                    |                       |
| <i>Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia (061)</i>                | Sanidade   | 37.934                    |                       |
| Instituto Galego de Oftalmoloxía  | Sanidade   | 1.637                     |                       |
| <i>Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia</i>                     | Sanidade   | 153                       |                       |
| Instituto para o Control do Medio Mariño de Galicia                           | Pesca e Asuntos Marítimos                          | 2.000                     | 2.000                 |
| Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos                               | Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible          |                           | 115.299               |
| <i>Xestión Urbanística da Coruña, S.A.</i>                                    | Vivenda e Solo                                     | 956                       | 285                   |
| <i>Xestión Urbanística de Lugo, S.A.</i>                                      | Vivenda e Solo                                     | 453                       | 265                   |
| <i>Xestión Urbanística de Ourense, S.A.</i>                                   | Vivenda e Solo                                     | 453                       | 265                   |
| <i>Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.</i>                                | Vivenda e Solo                                     | 956                       | 285                   |
| TOTAL   |  | 182.060                   | 391.943               |



CAPÍTULO II  
DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

Artigo 4º.-*Réxime xeral das modificacións orzamentarias.*

Un.-As modificacións de créditos orzamentarios serán autorizadas consonte os requisitos establecidos no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas excepcións derivadas da aplicación do indicado neste capítulo.

Dous.-As propostas de modificación deberán indicar, co maior nivel de desagregación orgánica, funcional e económica, as aplicacións orzamentarias afectadas, recollendo adecuadamente os motivos que a xustifican, tanto os referentes á realización do novo gasto proposto coma, se é o caso, á suspensión da actuación inicialmente prevista e á repercusión sobre os obxectivos do programa afectado.

Á comunicación á que se refire a disposición adicional segunda do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, uniráselle unha explicación sobre os motivos que a xustifican con relación ao novo gasto proposto e a súa repercusión, se é o caso, sobre os obxectivos do programa afectado en relación cos inicialmente previstos.

Artigo 5º.-*Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias.*

Sen prexuízo das facultades que se lle asignan no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, atribúenselle ao conselleiro de Economía e Facenda competencias específicas para levar a cabo as seguintes modificacións orzamentarias:

a) Para incorporar os créditos de exercicios anteriores que correspondan a actuacións financiadas ou cofinanciadas pola Unión Europea, de acordo co previsto nos regulamentos do Marco de apoio comunitario que resulten aplicables.

b) Para incorporar o crédito que non acadase a fase de recoñecemento da obriga en cada exercicio do fondo de reserva constituído consonte o establecido no artigo 4 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, pola que se aproba o imposto sobre a contaminación atmosférica.

c) Para incorporar ao crédito 05.31.312A.480.1 (Risga), do orzamento do ano 2008, o crédito 05.31.312A.480.1 do ano 2007, destinado á renda de integración social de Galicia, na parte que non acadase a fase «O» en contabilidade.

d) Para incorporar o crédito que non acadase a fase de recoñecemento da obriga dos créditos xerados, con destino ao financiamento de gastos derivados da realización de probas de selección de persoal, como consecuencia dos maiores ingresos recadados sobre os inicialmente previstos no artigo 30, «taxas administrativas».

e) Para incorporar os créditos dos capítulos IV e VII que non acadasen a fase de recoñecemento da obriga en contabilidade, destinados ás medidas postas en marcha con motivo da vaga de lumes de agosto de 2006 e das choivas acaecidas o último trimestre de 2006.

f) Para xerar crédito polo importe que corresponda á maior recadación das taxas e prezos públicos e privados respecto das previsións que inicialmente se establecen para as distintas seccións orzamentarias no anexo I desta lei, sempre que quede garantido o necesario equilibrio económico-financeiro, de acordo co previsto no artigo 9.

g) Para xerar crédito polo importe que corresponda aos maiores ingresos pola prestación do servizo de recadación executiva a outros entes, do subconcepto 399.04, do orzamento de ingresos.

h) Para xerar crédito no programa 621B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», por un importe igual á diferenza que poida existir entre a liquidación definitiva de exercicios anteriores correspondente aos distintos mecanismos financeiros do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e a estimada no estado de ingresos para o dito concepto.

i) Para xerar crédito, na sección orzamentaria correspondente, por contía igual ao importe das compensacións económicas a favor da Comunidade Autónoma derivadas de pólizas subscritas con compañías de seguros.

j) Para xerar crédito no capítulo VIII dos orzamentos de gastos da Administración xeral, ou se é o caso nos dos organismos autónomos, no suposto previsto no artigo 43 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, sobre tratamento dos créditos para provisións de riscos non executados.

k) Para xerar crédito destinado á atención das obrigas derivadas de expedientes de expropiacións, e do pagamento da prima adicional da póliza de responsabilidade civil e patrimonial sanitaria, nos supostos previstos nos artigos 41 e 42 desta lei.

l) Para xerar crédito por ingresos derivados de pagamentos indebidos efectuados con cargo a créditos do orzamento corrente ou de anteriores exercicios.

m) Para xerar crédito na sección 11, Consellería do Medio Rural, polo importe que corresponda ao produto da venda do patrimonio das extintas cámaras agrarias locais e provinciais, con destino aos fins previstos na disposición adicional sétima da Lei 11/1995, do 28 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1996, e na disposición adicional cuarta da Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego. Para tal fin, por pedimento da consellaría interesada, a Consellería de Economía e Facenda tramitará o oportuno expediente de desafectación, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comuni-

dade Autónoma galega, e nos artigos 24 e seguintes do seu regulamento de execución.

n) En relación co orzamento do Servizo Galego de Saúde:

1. Para xerar créditos como consecuencia dos maiores ingresos recadados sobre os inicialmente previstos en cada unha das seguintes aplicacións do orzamento de ingresos do Servizo Galego de Saúde:

-30, «Taxas administrativas».

-37, «Ingresos por ensaios clínicos».

-36, «Prestacións de servizos sanitarios», e 39, «Outros ingresos», computados conxuntamente.

2. Para xerar crédito derivado dos ingresos devengados en exercicios anteriores que non acadasen a fase de recoñecemento do dereito e que correspondan ao financiamento dos centros e servizos sanitarios transferidos á Comunidade Autónoma polas corporacións locais, sempre que excedan das cifras orzadas inicialmente por eses conceptos no correspondente exercicio.

3. Para xerar crédito en relación cos ingresos derivados de acordos transaccionais formalizados coas corporacións locais en materia de financiamento dos hospitais transferidos.

4. Para autorizar modificacións de crédito destinadas á atención de necesidades que se produzan ao longo do exercicio en calquera capítulo de gastos do Servizo Galego de Saúde, en relación coas dotacións do fondo de continxencia orzado no capítulo V dese organismo autónomo.

o) Para xerar crédito nas aplicacións orzamentarias de gasto do organismo autónomo Augas de Galicia financiadas polo canon de saneamento, polo importe correspondente aos maiores ingresos recadados sobre os orzados inicialmente.

p) Para xerar crédito no capítulo VIII de gastos cos ingresos do capítulo IX procedentes das operacións de refinanciamento de débeda ás que se refire o parágrafo terceiro do artigo 31. Un desta lei.

q) Para introducir nos estados de gastos as modificacións precisas para adecuar os créditos afectados por transferencias finalistas de calquera procedencia, incluíndo entre esas medidas a declaración de indisponibilidade do crédito.

No suposto de que as obrigas recoñecidas ata ese momento superasen o importe real da transferencia, o seu financiamento realizarase mediante as oportunas minoracións noutros créditos, preferentemente de operacións correntes, da sección de que se trate.

r) Para introducir as variacións que sexan necesarias nos programas de gasto dos organismos autónomos e dos entes públicos para reflectir as repercusións que neles teñan as modificacións dos créditos que figuran no estado de transferencias entre subsec-

tores dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

s) Para realizar as adaptacións técnicas e as transferencias de crédito que procedan como consecuencia de reorganizacións administrativas, posta en marcha de organismos autónomos ou traspaso de competencias nas que estean implicadas outras administracións, sen que en ningún caso, polo que se refire aos dous primeiros supostos, poida orixinarse incremento de gasto.

t) Autorizar transferencias de créditos entre programas incluídos en distinto grupo de función, correspondentes a servizos dunha mesma consellaría, cando teñan por obxecto cofinanciar incorporacións de remanentes de crédito de exercicios anteriores correspondentes a financiamento condicionado.

u) Para efectuar no orzamento de capital do Instituto Galego de Promoción Económica as modificacións que sexan precisas para a disposición do préstamo autorizado na alínea Dous do artigo 31º desta lei.

#### Artigo 6º.-*Vinculación de créditos.*

Un.-Os créditos consignados nos estados de gastos destes orzamentos quedarán vinculados ao nivel establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, con excepción dos créditos que se relacionan a seguir, que serán vinculantes co grao de vinculación que se indica:

120.20, «Substitucións e acumulación de tarefas de persoal non docente».

120.21, «Substitucións de persoal docente».

120.22, «Regularización da parte proporcional das vacacións dos substitutos docentes».

121.07, «Sexenios».

130.02, «Complemento de perigosidade, penosidade e toxicidade».

131, «Persoal laboral temporal».

132, «Persoal laboral temporal (profesores de relixión)».

136, «Persoal investigador en formación».

220.03, «*Diario Oficial de Galicia*».

226.01, «Atencións protocolarias e representativas».

226.02, «Publicidade e propaganda».

226.06, «Reunións, conferencias e cursos».

«33 Actuacións do Rexistro da Propiedade Intelectual.

01 Tramitación de solicitudes de inscrición, anotación ou cancelación.

-Con carácter xeral:

-Cando o autor e o titular son a mesma persoa: 10,46 €.

-Cando o autor e o titular son distintas persoas: 26,14 €.

-Casos específicos: obras audiovisuais, programas de ordenador, bases de datos, páxinas web e multimedia.

-Cando o autor e o titular son a mesma persoa: 16,73 €.

-Cando o autor e o titular son distintas persoas: 31,37 €.

-Por colección de obras: musicais, poemas, fotografías, etc.

-Polo conxunto da obra: 10,46 €.

-Por cada unha das obras contidas: 1,05 €.

-Por obras colectivas: 73,19 €.

02 Publicidade rexistral:

-Expedición de certificado: 10,46 €.

-Expedición de nota simple: 4,28 €.

-Expedición de copias certificadas de documentos en soporte papel:

-Ata 10 páxinas: 10,46 €.

-A partir das seguintes (por cada páxina): 0,10 €.

-Expedición de copia certificada en soporte distinto ao papel: 7,32 €.

03 Transmisións:

-Tramitación de solicitudes de inscrición por transmisión de dereitos xa inscritos (segunda e sucesivas inscricións): 41,82 €.

-Tramitación de solicitudes de inscrición por transmisión *mortis causa*: 31,37 €.

04 Traslado de expediente: 31,37 €».

23) Engádeselle a alínea 46 ao anexo I, coa seguinte redacción:

«46 Actuacións en materia de fundacións.

01 Inscrición inicial do acordo de constitución: 34,69 €.

02 Inscrición de modificación de estatutos: 17,36 €.

03 Inscrición de modificación do órgano de goberno (cesamentos, nomeamentos, substitucións, aceptacións): 17,36 €.

04 Inscrición de delegacións de facultades, revogacións e apoderamentos: 17,36 €.

05 Inscrición de fusión, escisión e extinción de fundacións: 17,36 €.

06 Inscrición de alleamento, gravame e arrendamento de bens: 17,36 €.

07 Inscrición de accións de responsabilidade contra os membros do padroado: 17,36 €.

08 Inscrición de delegación de fundacións estranxeiras: 34,69 €.

09 Inscrición de intervencións temporais sobre as fundacións: 17,36 €.

10 Outras inscricións: 7,32 €.

11 Obtención de informacións ou certificacións do rexistro:

-Primeiro folio: 3,47 €.

-Seguintes folios (por unidade): 1,72 €.

12 Expedición de listaxes de fundacións:

-Primeiro folio: 3,47 €.

-Seguintes folios (por unidade): 1,72 €.

13 Anotacións de calquera clase nos expedientes ou subministración de datos non incluídos nas alíneas anteriores: 7,32 €.

14 Expedición de copia de estatutos: 17,36 €.

15 Dilixenciado de libros (actas, diario, contas, etc.): 4,77 €».

24) Engádeselle a alínea 47 ao anexo I, coa seguinte redacción:

«47 Inscrición no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo:

-Primeira inscrición: 70 €.

-Modificacións da primeira inscrición: 53 €».

25) Modifícase a subalínea 01 da alínea 01 do anexo 2, quedando redactada como segue:

«01 Autorización, transmisión, rehabilitación, troco e exención: 26,14 €».

26) Modifícase a subalínea 02 da alínea 01 do anexo 2, quedando redactada como segue:

«02 Prórroga, visado, expedicións de copias ou duplicados e modificación: 20,98 €».

27) Modifícase a subalínea 07 da alínea 01 do anexo 2, quedando redactada como segue:

«07 Actuacións relativas ás concesións de servizos de transporte regular permanente ou temporal de uso xeral:

-Outorgamento e ampliación das concesións:

Por cada km medio diario: 0,595475 €.

O número medio diario de quilómetros percorridos será o resultado de dividir o número de quilómetros por percorrer nas expedicións previstas ao longo do ano na concesión ou ampliación solicitada por 365:

-Modificación das condicións da concesión:

Por cada modificación: 52,30 €.

-Visado dos cadros de tarifas: 26,14 €».

28) Suprímese a subalínea 09 da alínea 01 do anexo 2.

29) Modifícase a subalínea 10 da alínea 01 do anexo 2, quedando redactada como segue:

«10 Prórroga, visado ou modificación das autorizacións da subalínea 08: 20,98 €».

30) Engádense as subalíneas 14, 15, 16, 17 e 18 á alínea 01 do anexo 2, coa seguinte redacción:

«14 Autorización de centros de formación de condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada:

-Autorización inicial: 300 €.

-Visado: 150 €.

15 Homologación de cursos de formación de condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada ou renovación da homologación:

-Cualificación inicial ordinaria: 150 €.

-Cualificación inicial acelerada: 150 €.

-Formación continua: 100 €.

16 Comunicación da realización de cursos de formación de condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada:

-Cualificación inicial ordinaria: 100 €.

-Cualificación inicial acelerada: 70 €.

-Formación continua: 50 €.

17 Obtención da aptitude profesional acreditativa da cualificación inicial:

-Inscripción para a realización do exame: 20,98 €.

-Expedición do certificado de cualificación inicial: 20,98 €.

18 Expedición da tarxeta de cualificación do condutor ou renovación desta: 20 €».

31) Engádenselle as subalíneas 14, 15 e 16 á alínea 05 do anexo 2, coa seguinte redacción:

«14 Inscripción no rexistro oficial de persoas proveedoras de material forestal de reprodución de Galicia:

-Primeira inscrición: 18,81 €.

-Modificación da primeira inscrición: 4,77 €.

15 Inscripción no rexistro de campos de plantas nai de Galicia:

-Primeira inscrición: 22,93 €.

-Modificación da primeira inscrición: 4,77 €.

16 Control, inspección, expedición de certificado patrón e inscrición no rexistro. 11,34 €».

32) Modifícase a subalínea 20 da alínea 07 do anexo 2, quedando redactada como segue:

«20 Subministración de marcas e documentos de identificación do gando bovino, ovino, cabrún e equino:

-Por cada acto administrativo de subministración: 0,735588 €.

-Por unidade de identificación subministrada: 0,385309 €.

-Por transpoñedor de identificación do gando equino subministrado: 1,90 €».

33) Engádeselle a subalínea 28 á alínea 07 do anexo 2, quedando redactada como segue:

«28 Formación en materia de benestar animal.

01 Autorización de entidades para a impartición de cursos: 133,14 €.

02 Renovación da autorización anterior: o 50% da tarifa anterior.

03 Expedición do certificado de competencia para condutores/as e cuidadores/as de vehículos de estrada de transporte de animais vivos: 9,46 €.

04 Acreditación de formación en materia de benestar animal: 5 €».

34) Modifícase a alínea 08 do anexo 2, quedando redactada como segue:

«08 Inspeccións e controis sanitarios oficiais de carnes frescas e carnes de coello e caza.

A. Cota tributaria.

A cota tributaria exixírase ao contribuínte por cada unha das operacións relativas a:

Sacrificio de animais.

Operacións de despezamento.

Operacións nas instalacións de transformación de caza.

Non obstante, cando concorran nun mesmo establecemento as operacións de sacrificio e despezamento, o importe total da taxa exixible comprenderá o das cotas das dúas fases acumuladas na forma prevista nas regras de acumulación.

As cotas exixibles ao suxeito pasivo pola realización de actividades de inspección e control de operacións de sacrificio realizadas en matadoiros e as realizadas nas instalacións de transformación de caza determinaranse en función do número de animais sacrificados.

As cotas exixibles pola realización de actividades de inspección e control de operacións de despezamento determinaranse en función do número de toneladas sometidas ás devanditas operacións. Para estes efectos tomarase como referencia o peso real da carne antes de despezar, incluídos os ósos.

01 Polas actuacións conxuntas de inspección e control sanitario en matadoiros aplicaranse os seguintes tipos de gravame por cada animal sacrificado nos establecementos ou nas instalacións debidamente autorizados correspondentes tanto ás actuacións sanitarias coma ás administrativas que lles son inherentes:

| Especie                                      | Tipo de gravame (€/animal) |
|--|----------------------------|
| Carne de vacún:                              |                            |
| -Vacúns pesados (máis de 24 meses)           | 5 €                        |
| -Vacúns novos (de 24 meses ou menos)         | 2 €                        |
| Solípedes-équidos                            | 3 €                        |
| Carne de porcino:                            |                            |
| -Animais de 25 ou máis kg de peso por canal  | 1 €                        |
| -Animais de menos de 25 kg de peso por canal | 0,5 €                      |
| Carne de ovino, caprino e outros ruminantes: |                            |
| -Animais de 12 kg ou máis de peso por canal  | 0,25 €                     |
| -Animais de menos de 12 kg de peso por canal | 0,15 €                     |
| Carne de aves e coellos:                     |                            |
| -Ratites                                     | 5 €                        |
| -Aves do xénero <i>Gallus</i> e pintadas     | 0,005 €                    |
| -Patos e gansos                              | 0,01 €                     |
| -Pavos                                       | 0,025 €                    |
| -Coello de granxa                            | 0,005 €                    |



02 Polas inspeccións e os controis sanitarios nas salas de despezamento, incluída a etiquetaxe e marcase de pezas obtidas das canais, aplicaranse os seguintes tipos de gravame por tm de carne:

| Especie   | Tipo de gravame (€/tm) |
|---|------------------------|
| Vacún, solípedes-équidos, porcino, ovino, caprino e outros ruminantes | 2 €                    |
| Aves e coellos de granxa  | 1,5 €                  |
| Caza silvestre e de cría:   |                        |
| -Caza menor de pluma e pelo   | 1,5 €                  |
| -Ratites (avestruz, emú, ñandú)                                       | 3 €                    |
| -Verróns e ruminantes   | 2 €                    |

03 Polas operacións de control e inspección das operacións de transformación da caza aplicaranse os seguintes tipos de gravame por cada animal:

| Especie              | Tipo de gravame (€/animal) |
|----------------------|----------------------------|
| Caza menor de pluma  | 0,005 €                    |
| Caza menor de pelo   | 0,01 €                     |
| Ratites              | 0,5 €                      |
| Mamíferos terrestres |                            |
| -Verróns             | 1,5 €                      |
| -Ruminantes          | 0,5 €                      |

O importe da taxa correspondente non poderá ser obxecto de restitución a terceiros por mor da exportación de carnes, xa sexa en forma directa ou indirecta.

#### B. Regras relativas á acumulación de cotas.

As cotas tributarias devengadas en cada caso deberanse acumular cando concorran a circunstancia dunha integración de todas ou algunhas das fases de devengo nun mesmo establecemento, de acordo coas seguintes regras:

a) A taxa que se debe percibir será igual ao importe acumulado das cotas tributarias devengadas polas operacións citadas ata a última fase do proceso.

b) Se a taxa percibida no matadoiro cubrixe igualmente a totalidade dos gastos de inspección por operacións de despezamento, non se percibirá ningunha taxa por esta última operación.

c) Se a taxa percibida na sala de despezamento cubrixe igualmente a totalidade dos gastos das operacións nas instalacións de transformación da caza, non se percibirá ningunha taxa por esta última operación.

Entenderase que a taxa percibida polo sacrificio cobre igualmente os gastos de control das operacións de despezamento cando a situación dos locais nos que se desenvolvan estas lles permita aos técnicos facul-

tativos levaren a cabo o control de todas elas sen un incremento apreciable do tempo que normalmente sería necesario dedicar, por si só, ás operacións de sacrificio. Do mesmo xeito, entenderase que a taxa percibida polas operacións de despezamento cobren igualmente os custos das operacións de transformación da caza, cando a situación das salas de despezamento e de transformación nas que se desenvolvan estas lles permita aos técnicos facultativos levaren a cabo o control de todas elas sen un incremento apreciable do tempo que normalmente sería necesario dedicar, por si só, ás operacións de despezamento.

#### C. Liquidación e ingreso.

O ingreso, en cada caso, realizarase mediante autoliquidación do suxeito pasivo correspondente, na forma e nos prazos que se establezan regulamentariamente.

Os suxeitos pasivos das taxas trasladarán estas cargándolles o seu importe total nas correspondentes facturas aos interesados, practicando as liquidacións procedentes consonte o sinalado na alínea B anterior.

As devanditas liquidacións deberán ser rexistradas nun libro oficial habilitado para o efecto e autorizado pola autoridade sanitaria correspondente. A omisión deste requisito dará orixe á imposición das sancións de orde tributaria que correspondan, con independencia das que se poidan determinar ao tipificar as condutas dos titulares das explotacións na orde sanitaria.

No caso de que a inspección sanitaria de aves de curral vivas se realice na explotación de orixe, a parte da cota tributaria correspondente a esta inspección ascenderá ao 20% do total e percibirase na devandita explotación».

35) Engádese a subalínea 12 á alínea 12 do anexo 2, quedando redactada como segue:

«12 Autorización e inscrición no rexistro de laboratorios para a realización de determinados ensaios de control de produtos alimenticios relacionados co consumo humano:

-Primeira autorización: 120 €.

-Renovación da autorización: 50 €».

36) Modifícase a subalínea 05 da alínea 19 do anexo 2, quedando redactada como segue:

«05 Apertura e clasificación, cambios de categoría, titularidade, ampliacións, modificacións, reformas e calquera outro suxeito á autorización turística de restaurantes, cafetarías, furanchos, cafés, bares e discotecas, salas de festas e empresas de catering e de colectividade:

-Primeira autorización: 76,50 €.

-Renovación da autorización: 38,25 €».

37) Modifícase a subalínea 03 da alínea 22 do anexo 2, quedando redactada como segue:

«03 Acreditación de laboratorios de ensaios de control de calidade:

-Por acreditación nunha área: 599,19 €.

-Por acreditación en máis dunha área: 776,12 €.

-Por acreditación posterior por área a maiores: 422,26 €».

38) Engádeselle a subalínea 07 á alínea 22 do anexo 2, quedando redactada como segue:

«07 Acreditación de entidades de control de calidade da edificación (ECCE):

-Por cada área de acreditación, excepto CT e EE: 912,92 €.

-Por acreditación na área de CT: 1.620,63 €.

-Por acreditación na área de EE: 1.266,78 €»

39) Modifícase a alínea 27 do anexo 2, quedando redactada como segue:

«27 Programas e centros de servizos sociais

01 Autorización de apertura e posta en funcionamento de centros de servizos sociais. (Fase de visita de inspección logo de rematar as obras e emisión do informe previo ao permiso de inicio de actividade): 137,68 €.

02 Acreditación de centros e programas de servizos sociais: 100 €».

40) Engádeselle a alínea 61 ao anexo 3, coa seguinte redacción:

«61 Informes sobre fenómenos meteorolóxicos específicos.

01 Informe de descrición da situación meteorolóxica por localidade e día: 10 €.

02 Informe de descrición da situación meteorolóxica nunha localidade nun determinado mes: 30 €».

41) Modifícase a regra décimo terceira da tarifa X 5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, quedando redactada como segue:

«Décimo terceira.-Nas instalacións deportivas construídas por Portos de Galicia e xestionadas por particulares mediante a correspondente concesión ou autorización administrativa, poderase aplicar, para as embarcacións en tránsito, unha redución na contía da tarifa de ata o 15%, dependendo da composición e porte da frota afectada, sempre que o xestor se subroga na obriga de pagamento dos suxeitos pasivos. Neste caso, o xestor da instalación entregaralle a Portos de Galicia a documentación que por este organismo lle sexa requirida, consonte o procedemento e formato que se determine».

42) Modifícase a letra b) contida no punto 3.B) contido na subalínea 03 da alínea 99 do anexo 3, quedando redactada como segue:

«b) A cota da taxa no caso da letra f) non será superior ao 7%».

Artigo 55º.-*Canon de saneamento. Modificación da Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia.*

Modifícase o número 1º do artigo 40 da Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. O tipo de gravame expresarase en euros/m<sup>3</sup> ou en euros pola unidade de contaminación en función da base imponible á que teña que aplicarse.

Establécense os seguintes valores do tipo de gravame do canon:

a) Usos industriais ou asimilados:

-Tipo xeral por volume: 0,344 euros/m<sup>3</sup>.

-Materias en suspensión: 0,201 euros/kg.

-Sales solubles: 3.231 euros/S/cm m<sup>3</sup>.

-Materia oxidable: 0,403 euros/kg.

-Metais: 9,079 euros/kg equimetal.

-Materias inhibidoras: 0,042 euros/equitox.

b) Usos domésticos: 0,205 euros/ m<sup>3</sup>».

## CAPÍTULO II

### TRIBUTOS CEDIDOS

#### SECCIÓN PRIMEIRA

#### TRIBUTOS SOBRE O XOGO

Artigo 56º.-*Taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar.*

No uso das competencias atribuídas pola Lei 18/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da devandita cesión, e consonte o disposto na letra c) do punto 1 do artigo 42 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, e en virtude do establecido no artigo 5.Dous.4 da Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, modifícanse os tipos de gravame e as cotas fixas da taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, no sentido que a seguir se indica:

Un.-Nos casinos de xogo aplicarase a seguinte tarifa:

| Porción de base imponible comprendida entre euros | Tipo aplicable porcentaxe |
|---|---------------------------|
| Entre 0 e 1.644.321                               | 22                        |
| Entre 1.644.321,01 e 2.720.604                    | 38                        |
| Entre 2.720.604,01 e 5.426.263                    | 49                        |
| Máis de 5.426.263                                 | 60                        |

Dous.-Nos casos de explotación de máquinas ou aparellos automáticos aptos para a realización dos xogos, a cota determinarase en función da clasificación das máquinas realizada pola Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, segundo as normas seguintes:

A) Máquinas tipo A especial:

Cota anual: 500 euros.

B) Máquinas tipo B ou recreativas con premio.

a) Cota anual: 3.660 euros.

b) Cando se trate de máquinas ou aparellos automáticos tipo B nos que poidan intervir dous ou máis xogadores de forma simultánea e sempre que o xogo de cada un deles sexa independente do realizado por outros xogadores, serán aplicables as seguintes cotas:

-Máquinas ou aparellos de dous xogadores: dúas cotas de acordo co previsto na alínea a).

-Máquinas ou aparellos de tres ou máis xogadores: 7.492 euros máis o resultado de multiplicar por 3.012 o produto do número de xogadores polo prezo autorizado para a partida.

C) Máquinas tipo C ou de azar.

Cota anual: 5.340 euros.

No caso de modificación do prezo máximo de 0,20 euros autorizado para a partida en máquinas de tipo B ou recreativas con premio, as cotas tributarias establecidas na letra B) anterior incrementaranse en 18,44 euros por cada céntimo de euro no que se incrementa o novo prezo máximo autorizado.

Se a modificación se producira con posterioridade ao devengo da taxa, os suxeitos pasivos que exploten máquinas con permisos de data anterior a aquela en que se autorice a suba deberán autoliquidar e ingresar a diferenza de cota que corresponda na forma e prazos que determine a Consellería de Economía e Facenda.

Malia o previsto no parágrafo anterior, a autoliquidación e ingreso será só do 50% da diferenza, se a modificación do prezo máximo autorizado para a partida se produce despois do 30 de xuño.

SECCIÓN SEGUNDA

NORMAS DE APLICACIÓN DE TRIBUTOS

Artigo 57º.-*Solicitud de beneficios fiscais.*

Nos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, os beneficios fiscais que dependan do cumprimento polo contribuínte de calquera requisito nun momento posterior ao devengo deberán solicitálos na presentación da declaración do imposto, e non poderá rectificarse con posterioridade, agás que a rectificación se presente no período regulamentario de declaración.

Artigo 58º.-*Acreditación da presentación e pagamento dos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.*

Para os efectos do disposto no artigo 53.3º da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, así como nos artigos 254 e 256 da Lei hipotecaria, 122 do Real decreto 828/1995, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e 100 do Real decreto 1629/1991, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre sucesións e doazóns, os xustificantes que acreditan a presentación e pagamento destes impostos serán os que se determinen por orde do conselleiro de Economía e Facenda en desenvolvemento específico desta norma.

Artigo 59º.-*Comprobación de valores. Norma xeral.*

Para efectuar a comprobación de valores para os efectos dos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, a Administración tributaria poderá utilizar, indistintamente, calquera dos medios previstos no artigo 57 da Lei 58/2003, xeral tributaria.

Artigo 60º.-*Estimación por referencia aos valores que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal nos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.*

Nas comprobacións de valor de inmobles polo medio establecido no artigo 57.1º.b) da Lei 58/2003, xeral tributaria, a Administración tributaria poderá ben aplicar coeficientes multiplicadores aos valores contidos no rexistro do catastro inmobiliario ou ben referirse directamente aos valores que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal. Neste último caso, a Administración tributaria poderá declarar o recoñecemento como rexistro oficial de carácter fiscal calquera rexistro elaborado ou asumido como oficial pola Xunta de Galicia que inclúa valores de inmobles, sempre que se aproben e publiquen mediante orde da Consellería de Economía e Facenda. Na aplicación dos valores procedentes destes rexistros, poderase proceder á súa actualización mediante os índices de variación de prezos inmobiliarios publicados polas distintas administracións públicas ou por institucións especializadas en estatística inmobiliaria.

Artigo 61º.-*Prezos medios de mercado nos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.*

Un.-Nas comprobacións de valor de inmobles polo medio establecido no artigo 57.1º.c) da Lei 58/2003, xeral tributaria, a Administración tributaria aprobará e publicará a metodoloxía empregada no seu cálculo, que incluírá as táboas dos propios prezos medios resultantes ou ben as táboas das compoñentes ou valores básicos (solo, construción e gastos/beneficios), así como dos coeficientes singularizadores en

adaptación dos prezos medios á realidade física do ben por valorar. Esta normativa técnica aprobarase mediante orde da Consellería de Economía e Facenda.

As táboas actualizaranse periodicamente conforme as variacións do mercado inmobiliario, podendo adoptarse, para este caso, os índices de variación de prezos inmobiliarios publicados polas distintas administracións públicas ou por institucións especializadas en estatística inmobiliaria.

Será suficiente a motivación da comprobación de valor que inclúa unha correcta identificación do ben, unha aplicación do prezo medio que corresponda e unha adaptación deste ao caso concreto a través dos coeficientes singularizadores que determine a normativa técnica sinalada no parágrafo primeiro.

Dous.-As comprobacións de valor dos inmobles a través de prezos medios de mercado poderán realizarse de forma automatizada a través de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos de acordo co establecido no artigo 96 da Lei 58/2003, xeral tributaria.

#### Artigo 62º.-*Ditame de peritos da administración.*

Nas comprobacións de valor de inmobles polo medio establecido no artigo 57.1º.e) da Lei 58/2003, xeral tributaria, estas poderán tomar como referencia, para os efectos de motivación suficiente, os valores contidos nos rexistros oficiais de carácter fiscal do artigo 60 desta lei ou os valores básicos e prezos medios de mercado a que alude a normativa técnica mencionada no artigo 61 desta lei.

#### Artigo 63º.-*Normas xerais da taxación pericial contradictoria.*

Un.-Nos tributos xestionados pola Administración tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia, e en corrección do resultado obtido na comprobación de valores, os interesados poderán promover a práctica da taxación pericial contradictoria mediante solicitude presentada dentro do prazo da primeira reclamación que proceda contra a liquidación efectuada sobre a base dos valores comprobados administrativamente.

Se o interesado estimase que a notificación non contén expresión suficiente dos datos e motivos tidos en conta para elevar os valores declarados e denunciara a omisión en recurso de reposición ou en reclamación económico-administrativa reservando para si o dereito a promover taxación pericial contradictoria, o prazo a que se refire o parágrafo anterior contarase desde a data de firmeza en vía administrativa do acordo que resolva o recurso ou a reclamación interposta.

Dous.-No suposto de que a taxación pericial fose promovida polos transmitentes, o escrito de solicitude deberá presentarse dentro dos quince días seguintes á notificación separada dos valores resultantes da comprobación.

Tres.-A presentación da solicitude de taxación pericial contradictoria, ou a reserva do dereito a promover a que se refire a alínea 1, no caso de notificación

conxunta dos valores e das liquidacións que os tiveran en conta, determinará a suspensión do ingreso das liquidacións practicadas e dos prazos de reclamación contra estas.

#### Artigo 64º.-*Procedemento da taxación pericial contradictoria.*

A tramitación da taxación pericial contradictoria axustarase ás seguintes regras:

1ª O órgano competente trasladará aos interesados a valoración motivada que figure no expediente referida ao ben obxecto da taxación, calquera que fora o medio de comprobación utilizado de entre os sinalados no artigo 57 da Lei 58/2003, xeral tributaria, concedéndolles un prazo de dez días para que poidan proceder ao nomeamento dun perito, que deberá ter título axeitado á natureza dos bens e dereitos por valorar. Designado o perito polo contribuínte, entregaráselle a relación de bens e dereitos para que nun novo prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á recepción da relación, emita ditame debidamente motivado.

2ª Transcorrido o prazo de dez días sen facer a designación de perito, ou transcorrido o prazo dun mes sen emitir o ditame pericial, considerarase que desiste do seu dereito a promover a taxación pericial contradictoria, darase por rematado o procedemento e entenderase a conformidade do interesado co valor comprobado. Neste caso, confirmarase a liquidación inicial, cos correspondentes xuros de mora, e non poderá promoverse unha nova taxación pericial contradictoria.

3ª Se a diferenza entre o valor comprobado pola Administración e a taxación practicada polo perito designado polo obrigado tributario, considerada en valores absolutos, é igual ou inferior a 120.000 euros e ao 10 por 100 da devandita taxación, esta última servirá de base para a liquidación se fose maior que o valor declarado, ou este valor no caso contrario. A liquidación que se xire levará os correspondentes xuros de mora. Neste suposto darase por rematado o procedemento e non poderá efectuar con respecto ao mesmo feito impositivo nova comprobación de valores a Administración tributaria sobre os mesmos bens e dereitos.

4ª Se a diferenza sinalada na alínea anterior é superior, deberá designarse un perito terceiro conforme o seguinte procedemento:

a) Cada delegado territorial da Consellería de Economía e Facenda solicitaralles no mes de xaneiro de cada ano aos distintos colexios, asociacións ou corporacións profesionais legalmente recoñecidos o envío dunha lista de colexiados ou asociados que teñan centralizada a xestión administrativa e a dirección das súas actividades no ámbito territorial da delegación da Consellería de Economía e Facenda correspondente, e que estean dispostos a actuar como peritos terceiros, que se agruparán por orde alfabética en diferentes listas tendo en conta a natureza dos bens e dereitos por valorar. Elixido por sorteo público un de



cada lista, as designacións efectuaranse por orde correlativa. Cando non exista colexio, asociación ou corporación profesional competente pola natureza dos bens ou dereitos por valorar ou profesionais dispostos a actuar como peritos terceiros, poderáselle solicitar ao Banco de España a designación dunha sociedade de taxación inscrita no correspondente rexistro oficial.

Será necesaria a aceptación expresa polo perito elixido por sorteo, nun prazo de cinco días desde a comunicación da súa proposta de designación. A Administración tributaria competente poderá establecer honorarios estandarizados para os peritos terceiros que deban ser designados. A devandita aceptación determinará, así mesmo, a aceptación dos honorarios aprobados pola Administración.

b) Realizada a designación, remitiráselle á persoa ou entidade designada a relación de bens e dereitos por valorar e copia tanto da valoración da Administración coma da efectuada polo perito designado polo obrigado tributario, para que no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte da entrega, proceda a confirmar algunha delas ou realice unha nova valoración, que será definitiva.

No caso de que o perito terceiro non emita a valoración no prazo establecido no parágrafo anterior, poderase deixar sen efecto a súa designación, sen prexuízo das responsabilidades que resulten exixibles pola falta de emisión do ditame en prazo. No caso de que se deixe sen efecto a designación, deberase notificar esta circunstancia ao perito terceiro e ao obrigado tributario, e procederase, se é o caso, á liberación dos depósitos dos seus honorarios e ao nomeamento doutro perito terceiro por orde correlativa.

A renuncia do perito terceiro ou a falta de presentación en prazo impedirán a súa designación no exercicio corrente e nos dous posteriores a este.

No caso de que a valoración realizada polo perito terceiro posúa defectos de motivación, e tal circunstancia sexa apreciada en vía de recurso por un órgano administrativo ou xudicial, a Administración tributaria procederá ou ben á remisión da documentación para a realización dunha nova valoración ao mesmo perito ou ben ao nomeamento dun novo, de acordo co procedemento e prazos sinalados neste artigo. No primeiro suposto non procederá a realización de novo depósito nin novo pagamento de honorarios. No segundo caso procederá a devolución polo perito dos honorarios satisfeitos.

c) Os honorarios do perito do obrigado tributario serán satisfeitos por este. Cando a diferenza entre a taxación practicada polo perito terceiro e o valor declarado, considerada en valores absolutos, supere o 20 por 100 do valor declarado, os gastos do terceiro perito serán aboados polo obrigado tributario e, no caso contrario, correrán a cargo da Administración. Neste suposto, aquel terá dereito a ser reintegrado dos gastos ocasionados polo depósito ao que se refire o parágrafo seguinte.

O perito terceiro poderá exixir que, previamente ao desempeño do seu labor, se faga provisión de importe dos seus honorarios mediante depósito na Caixa de Depósitos da Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda na que se tramite a taxación pericial contraditoria, no prazo de dez días. A falta de depósito por calquera das partes supoñerá a aceptación da valoración realizada polo perito da outra, calquera que fose a diferenza entre ambas as dúas valoracións, e darase por rematado o procedemento. A liquidación que se dite tomará a valoración que corresponda e non poderá promoverse novamente a taxación pericial contraditoria por parte do obrigado tributario ou, se é o caso, non poderá efectuar unha nova comprobación de valor a Administración tributaria sobre os mesmos bens ou dereitos.

Entregada na Administración tributaria competente a valoración polo perito terceiro, comunicarase ao obrigado tributario e concederáselle un prazo de quince días para xustificar o pagamento dos honorarios ao seu cargo. Se é o caso, autorizarase a disposición da provisión dos honorarios depositados.

5ª A valoración do perito terceiro servirá de base á liquidación que proceda cos límites do valor declarado e o valor comprobado inicialmente pola Administración tributaria.

6ª Unha vez rematado o procedemento, a Administración tributaria competente notificará no prazo dun mes a liquidación que corresponda á valoración que deba tomarse como base en cada caso, así como a dos xuros de mora que correspondan.

O incumprimento do prazo ao que se refire o parágrafo anterior determinará que non se exixan xuros de mora desde que se produza o devandito incumprimento.

Coa notificación da liquidación iníciase o prazo previsto no artigo 62.2º da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, para que o ingreso sexa efectuado, así como o cómputo do prazo para interpoñer o recurso ou reclamación económico-administrativa contra a liquidación no caso de que o devandito prazo fose suspendido pola presentación da solicitude de taxación pericial contraditoria.

#### *Disposicións adicionais*

##### *Primeira.-Información ao Parlamento.*

Un.-A Consellería de Economía e Facenda facilitalle trimestralmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento información referente ás seguintes actuacións:

a) As ampliacións de crédito realizadas para atender o pagamento de obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma.

b) As operacións de endebedamento por prazo superior a un ano formalizadas pola Comunidade Autónoma e polos seus organismos autónomos ou sociedades

públicas, conforme as autorizacións contidas nesta lei.

c) Os avais amortizados, pagamentos efectuados por falidos, importes recuperados e risco acumulado, tanto polo que respecta aos avais concedidos pola Comunidade Autónoma coma polos seus organismos autónomos e sociedades públicas.

d) As autorizacións de revisións de prezos en concertos ou convenios que superen o incremento do índice de prezos ao consumo.

e) A enumeración nominal e individualizada das concesións de subvencións ou axudas autorizadas polo Consello da Xunta ás que se refire o artigo 44 desta lei.

f) Os plans a que se refire a disposición adicional segunda desta lei.

Dous.-A Consellería de Economía e Facenda comunicaralle á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun prazo de trinta días:

a) A realización das adaptacións técnicas dos orzamentos autorizadas conforme o previsto na letra s) do artigo 5º desta lei.

b) As modificacións efectuadas consonte o indicado no artigo 9º.

c) Os orzamentos dos organismos autónomos e das sociedades públicas que poidan entrar en funcionamento ao longo do ano 2008.

Tres.-A *Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.*, comunicaralle mensualmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento os plans económico-financeiros que subscriba no desenvolvemento da súa actividade.

#### Segunda.-*Sociedades públicas.*

As entidades públicas e sociedades mercantís ás que se refire o artigo 12 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que, se é o caso, poidan presentar perdas de explotación están obrigadas a elaborar un plan coa finalidade de restablecer a situación de equilibrio nos seus orzamentos.

O citado plan deberáselle remitir á Consellería de Economía e Facenda para a súa aprobación, dentro dos tres meses seguintes a aquel no que se detectase a situación de desequilibrio ou, en todo caso, a partir da aprobación das contas anuais nas que esta circunstancia se reflicta.

Terceira.-*Autorización de orzamentos en sociedades de nova creación.*

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, a aprobar os orzamentos de explotación e capital previstos no artigo 83 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, das

sociedades públicas que se constituán ou entren en funcionamento ao longo do ano 2008.

Cuarta.-*Propostas normativas que comporten crecemento do gasto.*

A formulación de iniciativas lexislativas por parte da Xunta de Galicia, así como a aprobación de normas de rango regulamentario, requirirán a previa dispoñibilidade dunha memoria económico-financeira que avalíe adecuadamente os custos que esas propostas poidan representar, e que considere as posibilidades ou alternativas existentes para o seu financiamento cando delas poida derivar un incremento do gasto público.

Quinta.-*Propostas normativas que impliquen ampliación do sector público.*

As propostas normativas da Xunta de Galicia que prevexan a creación de organismos autónomos, sociedades públicas e demais entes que formen parte do sector público da Comunidade Autónoma establecerán necesariamente o réxime que os afecta en materia de persoal, patrimonio e contratación, así como a natureza dos recursos económicos con que se dotan para o cumprimento da súa finalidade.

Os proxectos normativos deberán ir acompañados dunha proposta de estatuto, se é o caso, así como dunha memoria xustificativa sobre a oportunidade da súa creación coas vantaxes sobre a situación anterior. Terán o contido que regulamentariamente estableza o Consello da Xunta por proposta da Consellería de Economía e Facenda.

Sexta.-*Modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde.*

Correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde a autorización das modificacións, dentro de cada centro de xestión, dos cadros de persoal estatutario, de persoal MIR e de calquera outro tipo de persoal de institucións sanitarias dependentes do organismo non incluídos nas relacións de postos de traballo, sempre que a modificación acordada non supoña un incremento dos créditos do artigo correspondente do devandito centro.

En idénticas condicións correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde a autorización da modificación prevista no parágrafo anterior dos cadros de persoal funcionario sanitario pertencentes ás clases de médicos, practicantes e matronas titulares.

En todo caso, daráselle conta á Consellería de Economía e Facenda unha vez tramitada a correspondente modificación.

Sétima.-*Prestacións familiares por coidado de fillos menores.*

Aquelas persoas que, na data de entrada en vigor desta lei, teñan ao seu cargo fillos menores de tres anos terán dereito a percibir unha prestación de 360 euros por cada un deles cando, por razón dos ingresos obtidos durante o ano 2006, nin eles nin ningún dos membros da unidade familiar estivesen obrigados a

presentar a declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a ese período.

A percepción desta prestación axustarase ao procedemento que estableza a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, que exixirá xustificación documental dos requisitos precisos para o seu gozo, sen que o mesmo fillo poida dar lugar a máis dunha prestación.

*Oitava.-Alleamento de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.*

Autorízase o Instituto Galego da Vivenda e Solo, nos supostos de alleamento de terreos destinados a creación de solo industrial, así como parcelas ou parques empresariais terminados que se realicen a favor das sociedades públicas con participación maioritaria polo anterior organismo, para que o alleamento se poida efectuar con pagamento aprazado, non superior a dez anos e sen repercusión de intereses.

*Novena.-Fondo extraordinario de axudas aos beneficiarios de pensións non contributivas.*

Créase un fondo extraordinario de axudas económicas con destino ás persoas beneficiarias de pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, dotado con 5.000.000 de euros, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 23.02.621B.480.0.

O Consello da Xunta, por proposta do departamento competente en materia de benestar social e logo do informe da Consellería de Economía e Facenda, aprobará as normas de desenvolvemento necesarias para a determinación do importe, recoñecemento do dereito e pagamento das axudas, que se establecen para o ano 2008.

#### *Disposicións transitorias*

*Primeira.-Portos de Galicia. Redución da contía da tarifa X-5.*

Nas instalacións deportivas construídas por Portos de Galicia e xestionadas por particulares mediante a correspondente concesión ou autorización administrativa que á entrada en vigor desta lei inclúisen nos pregos de condicións a redución da contía da tarifa X-5 de ata o 15% por subrogarse nas obrigas de pagamento dos suxeitos pasivos que utilicen as instalacións manterase esta redución mentres estea vixente ese título administrativo. No caso de modificación ou prórroga deste, aplicarase o disposto na regra décimo terceira da tarifa X-5, contida na subálínea 01 da alínea 99 do anexo 3 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

*Segunda.-Imposto sobre sucesións e doazóns.*

Para a aplicación da redución contida no artigo 53 da Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, ás doazóns devengadas desde o 1 de xaneiro de 2007, e ata que remate o prazo regulamentario de declaración do IRPF correspondente ao exercicio 2007, a referencia que se fai á «base imponible total, menos os mínimos

persoal e familiar» entenderase realizada á base imponible definida no artigo 15.3º do texto refundido da Lei do IRPF, aprobada polo Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo.

#### *Disposicións derradeiras*

*Primeira.-Axencias galegas. Modificación do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.*

Engádesse unha nova disposición adicional quinta ao texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, coa redacción seguinte:

«Quinta.-*Axencias públicas autonómicas.*

1. As axencias públicas autonómicas son entidades instrumentais de dereito público, dotadas de personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, facultadas para exercer potestades administrativas, que son creadas polo Consello da Xunta para o cumprimento dos programas correspondentes ás políticas públicas que desenvolva a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das súas competencias.

A creación das axencias públicas autonómicas require autorización por lei e prodúcese coa aprobación do seu estatuto por decreto do Consello da Xunta por proposta da Consellería de Economía e Facenda, logo da iniciativa da consellaría competente por razón da materia.

A consellaría competente por razón da materia que desexe exercer a iniciativa prevista na alínea anterior elaborará unha memoria e un proxecto de estatutos.

A memoria deberá precisar o obxecto da axencia que se vai crear, xustificando os obxectivos que se perseguen coa súa creación e as consecuencias organizativas e económico-financieiras derivadas da súa creación. Ademais, a memoria deberá incorporar o plan inicial de actuación da axencia.

O proxecto de estatutos deberá indicar, en todo caso, as funcións e facultades atribuídas á axencia, a súa estrutura orgánica, os medios que se lle adscriben e a súa duración temporal.

A supresión das axencias públicas autonómicas e a modificación dos seus estatutos levaranse a cabo por decreto do Consello da Xunta por proposta da Consellería de Economía e Facenda, logo da iniciativa da consellaría competente por razón da materia.

2. O marco básico de xestión e tratamento orzamentario das axencias públicas autonómicas rexerese polo que se establece a seguir.

A actuación das axencias públicas autonómicas producirase consonte o seu contrato de xestión. Este contrato de xestión deberá conter en todo caso: o seu período de vixencia; os obxectivos por acadar e os resultados para obter; os plans temporais para acadar os obxectivos e proxectos asociados ás estratexias definidas así como os indicadores da avaliación; os

efectos asociados ao grao de cumprimento e/ou incumprimento dos obxectivos con indicación dos mecanismos que permitan a existencia de responsabilidade dos órganos de xestión executivos e, se é o caso, do persoal directivo, e o procedemento que se seguirá na cobertura dos déficits económico-patrimoniais que se é o caso puidesen producirse e as consecuencias da responsabilidade na xestión que deriven deles.

O contrato de xestión será aprobado por orde conxunta da consellaría de adscrición e da Consellería de Economía e Facenda, por proposta do órgano competente de cada axencia.

O primeiro contrato de xestión farase como máximo no prazo de tres meses desde a constitución da axencia; namentres a axencia actuará segundo o plan inicial contido na memoria de creación. Os posteriores contratos serán aprobados no último trimestre de vixencia do anterior.

As axencias públicas autonómicas fináncianse cos seguintes recursos:

a) As transferencias consignadas nos orzamentos xerais da Xunta.

b) Os ingresos propios que perciban como contraprestación polas actividades que poidan realizar, en virtude de contratos, convenios ou disposición legal, para outras entidades públicas, privadas ou persoas físicas.

c) O alleamento dos bens e valores que constitúan o seu patrimonio, de acordo co establecido na lexislación patrimonial da Comunidade Autónoma.

d) O rendemento procedente dos seus bens e valores.

e) As achegas voluntarias, doazóns, herdanzas e legados e demais achegas a título gratuito de entidades privadas e particulares.

f) Os ingresos recibidos de persoas físicas e xurídicas como consecuencia de patrocinio de actividades ou instalacións.

g) Os demais ingresos de dereito público ou privado que estean autorizadas a percibir.

